



**CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL DO PLENO**

O Concello Pleno en sesión ordinaria do día 4 de maio do ano 2018 adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

7.4 Aprobación límite de gasto non financeiro para o ano 2018 (Expte. Núm. 2018009145)


Polo Secretario dáse conta do ditame da Comisión de Pleno ordinario do 27 de abril de 2018 que, tres votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular e catro abstencións do Grupo Municipal Socialista, Grupo Municipal de Democracia Ourensana e Grupo Municipal de Ourense en Común, ditamina favorablemente a proposta da concelleira delegada de Facenda, que se incorpora ao expediente.

O Pleno do Concello, por nove votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular, oito votos en contra do Grupo Municipal Socialista e do Grupo Municipal de Ourense en Común, e oito abstencións do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, adoptou o seguinte **ACORDO**:

Único.- Aprobar o límite de gasto non financeiro consolidado do Concello de Ourense e do seu Organismo autónomo “Consello Municipal de Deportes” para o exercicio 2018, aos efectos de dar cumprimento ó art. 30 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, por un importe de noventa e oito millóns quinientos cincuenta e oito mil cento cincuenta e cinco euros con noventa céntimos (98.558.155,90 €)

Para unir ao expediente da súa razón, expídese o presente coa advertencia e salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais de 28 de novembro de 1986, isto é, a reserva dos termos da aprobación da acta definitiva.

Ourense, 7 de maio de 2018
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,



Asdo.: Luis María Bermúdez de la Puente Villalba